

Texto e ilustracións: **PINTO&CHINTO**

Encadernado en cartóné

72 páxinas a toda cor. 30x21,5 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "Tito Longueirón". BD Banda. ISBN 84-8464-554-1

-Castelán: "Tito Longueirón". BD Banda. ISBN 978-84-935122-6-2

Prezo: 14 €



TITO LONGUEIRÓN

Futbolista, piloto de carreiras, saltador de lonxitude e altura, boxeador, lanzador de disco, regatista, esquiador... Ningún deporte ten segredos para Tito Longueirón, quizais o atleta máis completo da Historia (e da historieta). En cada disciplina non dubida en facer uso das súas cualidades innatas, entre as que destacan a pillería e unha leve tendencia a facer pequenas trampas.

As viñetas de "Tito Longueirón" son historias mudas, baseadas no gag visual, un tipo de humor que David Pintor considera "máis elegante e universal". Con este personaxe, os creadores fixeron a súa primeira incursión na banda deseñada: Tito Longueirón viu a luz en 2002 na revista *Golfiño*, baixo a dirección de Fausto Isorna.

- **Temática:** cómic infantil sobre deportes
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos
- **Aspectos destacables:** destaca polos seus contidos adicionais, entre os que figura unha entrevista cos autores, o making-off das historietas e homenaxes doutros debuxantes que reinterpretan o personaxe

O protagonista é un incansable deportista -xa adulto- que gaña a tipos grandes e fortes a base de enxeño, o que se interpreta como unha reivindicación da maña sobre a forza. "Trátase de que Tito resolva os retos deportivos que se lle presentan dunha maneira orixinal e divertida, sempre con picaresca e mesmo deixando de lado o regramento", explican os autores nunha entrevista incluída nas páxinas finais do libro.

Tratar de gañar un campionato de pesca submarina atracando unha peixería, xogar partidas de xadrez exercitando as neuronas cun aparato de impulsos eléctricos ou proclamarse vencedor dun combate de boxeo metendo un xunque nas luvas son ideas insólitas deste ximnasta, demasiado desgarrado para estar na elite, pero o suficientemente inxenioso como para chegar a ser un dos personaxes máis apreciados polos lectores.

Pinto&Chinto explican detalles inéditos sobre o protagonista; os progenitores de Tito eran consumados deportistas, o pai ostenta a marca mundial de halterofilia en gravidade cero e a nai, mítica tenista, logrou tres veces o ouro olímpico de dobres xogando ela soa.

Tito continúa en Cataluña as aventuras que o fixeron célebre en Galicia. Co nome de "Tano Filferro", o deportista aparece periodicamente nas páxinas da revista Tretzevents.

PINTO&CHINTO: David Pintor (A Coruña, 1975) & Carlos López (Boimorto, A Coruña, 1967)

David Pintor 'Pinto' e Carlos López 'Chinto' son o único dúo artístico que existe no humor gráfico e na banda deseñada galega. Empezaron a colaborar en 1993, cando traballaban por separado na prensa diaria. O veterano debuxante Siro López foi o promotor da unión de ámbolos talentos. Entre os galardóns que recibiron figura o Premio Curuxa 2007 que concede o Museo do Humor de Fene (A Coruña). Por separado, cada un ten as súas propias inxerencias artísticas e literarias.

David Pintor é ilustrador, humorista gráfico, caricaturista e pintor. Ilustrou para KALANDRAKA un conto baseado no mito da cidade da Coruña, titulado "Hércules e Crunia". Foi o único ilustrador español que expuxo a súa obra na Feira do Libro de Bolonia 2007. Participou en diversas exposicións que recorreron cidades como Ourense, Ferrol e Santiago, León e Madrid, e outras en Portugal.

Carlos López gañou o Premio Xerais de Literatura Infantil 2007 coa obra "Minimaladas"; é autor de libros infantís, como "Suca" e "Aquilino pinta unha nube e un camaleón". Tamén é autor dun libro de poemas e de diferentes artigos humorísticos e de creación.